



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Traballo Fin de Máster

Materia	Traballo Fin de Máster			
Código	V08M104V01220			
Titulación	Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Dereito público especial			
Coordinador/a	Fernández Prol, Francisca			
Profesorado	Fernández Prol, Francisca			
Correo-e	franfernandez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia "Traballo fin de máster" persigue a realización polo alumno dun estudo de carácter científico relativo a unha temática vinculada aos contidos abordados no marco do Máster en Xestión e Dirección Laboral - Especialidade en Dirección Laboral de Empresas-			

## Competencias de titulación

Código	
A1	Adquirir un coñecemento amplo das institucións básicas do ámbito socio-laboral especialmente do Dereito do Traballo e da Seguridade Social
A2	Desenrolar os coñecementos, habilidades e aptitudes que permitan unha idónea dirección e xestión laboral.
A4	Desenrolar a capacidade de organización, planificación e toma de decisións.
B1	Poseer e comprender coñecementos que aporten unha oportunidade de ser orixinais no desenrolo e/ou aplicación de ideas, a menudo nun contexto de investigación.
B2	Que os estudantes sepan aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en entornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrentarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B4	Que os estudantes sepan comunicar as súas conclusións (e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan) a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüedades.
B5	Que os estudantes posean as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.

## Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Tipoloxía	Resultados de Formación e Aprendizaxe
(*)(*)	saber	A1 A2
(*)(*)	saber facer	A4 B1 B2 B3 B4 B5

## Contidos

## Tema

1. Seguridade Social Complementaria	Véxase a guía docente da materia "Seguridade Social Complementaria"
2. Dereito do traballo e crise de empresa	Véxase a guía docente da materia "Dereito do traballo e crise de empresa"
3. Xestión da Prevención de Riscos Laborais	Véxase a guía docente da materia "Xestión da Prevención de Riscos Laborais"
4. Aspectos macroeconómicos e territoriais do mercado de traballo	Véxase a guía docente da materia "Aspectos macroeconómicos e territoriais do mercado de traballo"
5. Xestión tributaria	Véxase a guía docente da materia "Xestión Tributaria"
6. Análise contable	Véxase a guía docente da materia "Análise contable"
7. Aspectos xurídico-laborais en materia de igualdade	Véxase a guía docente da materia "Aspectos xurídico-laborais en materia de igualdade"
8. Relacións transfronteirizas no marco da UE. Introducción ao Dereito Social Portugués	Véxase a guía docente da materia "Relacións transfronteirizas no marco da UE. Introducción ao Dereito Social Portugués"
9. Organización da prevención na empresa	Véxase a guía docente da materia "Organización da prevención na empresa"
10. Técnicas de negociación colectiva	Véxase a guía docente da materia "Técnicas de negociación colectiva"
11. Medidas de solución de conflitos	Véxase a guía docente da materia "Medidas de solución de conflitos"
12. Administración Laboral e Dereito Sancionador do traballo	Véxase a guía docente da materia "Administración Laboral e Dereito Sancionador do traballo"

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos tutelados	20	120	140
Presentacións/exposicións	2	8	10

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos tutelados	<p>PARA PRESENTAR O TRABALLO FIN DE MÁSTER É PRECISO TER SUPERADO A TOTALIDADE DOS CRÉDITOS OBRIGATORIOS</p> <p>O traballo fin de máster será elaborado de xeito individual por cada un dos/as alumnos/as matriculados/as en forma e prazo da materia "Traballo fin de máster".</p> <p>Tódolos traballos fin de máster terán asignados, en calidade de titor/a académico/a, un profesor do Máster -Especialidade en Xestión Laboral-, con vinculación estable á Universidade, que orientará e supervisará a elaboración do traballo fin de Máster.</p> <p>Os/as alumnos/as matriculados/as na materia "Traballo fin de Máster" deberán poñerse en contacto cos profesores do Máster para elaborar unha proposta de traballo fin de Máster que responda aos seus intereses científicos e profesionais.</p> <p>As propostas de temáticas, co correspondente visto e prace do/a titor/a, deberán presentarse e ser avaliadas, conforme ao cronograma da materia, pola correspondente comisión académica.</p> <p>O traballo fin de máster, que deberá entregarse no prazo previsto no cronograma da materia, consistirá nun traballo de investigación orixinal e inédito, de orientación teórica ou práctica.</p> <p>Dende unha perspectiva formal, o traballo fin de máster terá unha extensión recomendable mínima de 50 páxinas e máxima de 100, con interliñado de espazo de 1,5 liñas en fonte Times New Roman tamaño 12 ou equivalente. As notas figurarán no pé de páxina en interliñado sinxelo e tamaño 10 da mesma fonte que o corpo principal. As regras de presentación de citas e referencias serán as habituais no eido das investigacións xurídicas, sen prexuízo de que, se o tema tratado tivese unha maior vinculación con outra rama de coñecemento, poida axustarse á metodoloxía propia desta.</p> <p>O traballo fin de máster incluírá: un resumo, un elenco de palabras, un sumario, as conclusións acadadas e unha listaxe da bibliografía empregada.</p> <p>O traballo fin de máster presentarase por cuadruplicado.</p> <p>O titor deberá emitir consonte o prazo previsto no cronograma da materia (e, en todo caso, con carácter previo ao acto de defensa do traballo fin de máster) informe indicativo do cumprimento ou non, polo correspondente traballo fin de máster, dos requisitos esixidos para a súa presentación. O citado informe deberá remitirse á coordinadora da materia "Traballo Fin de Máster".</p>
Presentacións/exposicións	<p>O acto de presentación do traballo fin de máster será público realizándose na data, hora e lugar sinalados.</p> <p>O/a alumno/a exporá nun tempo máximo de 15 minutos o traballo fin de máster realizado, así como os resultados e conclusións acadadas. Posteriormente, os membros do tribunal avaliador realizarán as preguntas e/ou observacións estimadas pertinentes.</p>

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentacións/exposicións	O titor orientará persoalmente ao alumno, solventado as dúbidas xeradas no marco da realización do traballo fin de máster e/ou con ocasión da presentación pública do mesmo.

Traballos tutelados O titor orientará persoalmente ao alumno, solventado as dúbidas xeradas no marco da realización do traballo fin de máster e/ou con ocasión da presentación pública do mesmo.

<b>Avaliación</b>		
	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	O tribunal avaliador valorará a calidade científica do estudo realizado: temática seleccionada, desenvolvemento da temática seleccionada, bibliografía empregada, redacción e presentación formal do traballo.	80
Presentacións/exposicións	O tribunal avaliador valorará a exposición oral e pública do estudo realizado: capacidade de síntese, discurso de presentación, resposta ás preguntas plantexadas...	20

#### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

#### **PARA PRESENTAR O TRABALLO FIN DE MÁSTER É PRECISO TER SUPERADO A TOTALIDADE DOS CRÉDITOS OBRIGATORIOS**

##### **Composición do tribunal avaliador:**

Antes do inicio do período correspondente, nomearanse os membros, titulares e suplentes, do Tribunal Avaliador dos traballos fin de máster (Presidente, Secretario e Vocal) que actuará nas convocatorias oficiais do curso correspondente.

Os membros do Tribunal serán elixidos por sorteo entre aqueles docentes do Máster en Xestión e Dirección Laboral - Especialidade en Dirección Laboral- que ostenten o título de doutor e teñan adicación a tempo completo á Universidade.

##### **Convocatoria de xullo:**

Aqueles alumnos que non superaran a materia "Traballo fin de máster" en primeira convocatoria, poderán concurrir a convocatoria de xullo, presentando públicamente o traballo de investigación realizado, avaliado polo Tribunal conforme aos criterios sinalados.

#### **Bibliografía. Fontes de información**

O titor recomendará en cada caso a bibliografía pertinente.

#### **Recomendacións**